



Centro Universitario-UNED A Coruña

Educación, 3, 15011

Teléfono: 981 14 50 51

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 13 de marzo de 2019

"A Saia Raíña" Mujeres enlutadas en el siglo XXI: conferencia y visitas guiadas desde la UNED A Coruña

Mañana jueves 14 de marzo tendrá lugar la conferencia y visionado del audiovisual, de acceso gratuito y abierto a la población en general y que se puede seguir también en streaming directo; las visitas guiadas comenzarán a partir de la semana próxima

El Centro UNED de A Coruña ha organizado diferentes actividades alrededor del proyecto "A Saia Raíña" ("la falda reina", en castellano), realizado por Rita Más Ybáñez y que se celebrarán a lo largo de las próximas semanas. La primera de ellas será la charla "[A Saia Raíña: Mujeres enlutadas en el siglo XXI](#)", de carácter cultural y de acceso gratuito, comenzará a las 19:00h en el salón de actos de la sede de la UNED de A Coruña; aunque también se puede seguir online, a través de streaming directo.

La conferencia se basa en el trabajo de investigación que Rita Más Ybáñez realizó sobre las mujeres que visten de luto en la Galicia actual. De este proyecto, surgieron, como resultado, una exposición itinerante y un audiovisual, que también se podrán visualizar a través de las actividades organizadas por la UNED en colaboración con el Centro Ágora de A Coruña.

CONFERENCIA Y AUDIOVISUAL:

"A SAIA RAIÑA" es una exposición de testimonios, no es una exposición fotográfica, ni una exposición de videocreación. Así define la autora el trabajo que presentará en esta conferencia, en la que explicará las motivaciones que le llevaron a realizar este proyecto y el largo camino transcurrido hasta que se materializó en una exitosa exposición itinerante. Como ella misma explica, su labor fue la de escuchar y mostrar; dar voz a quien no fuera escuchada y mantuvo una costumbre que, por lo menos, desvela de nuevo una desigualdad existente entre hombres y mujeres, tanto en el acceso a la cultura, a las fiestas y participaciones sociales, como en el estatus personal e incluso en el derecho de manifestar sus sentimientos.

Datos de contacto: Comunicación Centro UNED A Coruña

.✉ comunicacion@ja-coruna.uned.es ☎ 981 14 50 51

Durante la conferencia, la autora hablará de sus informantes: mujeres para las que el luto tiene un significado especial, formando parte de su identidad, de su cotidianidad, pero también de sus resistencias. Pues, como dice, la autora “el dolor ayuda a superar la gran ausencia de los seres queridos, pero no es fácil entender cómo las abuelas, tías, hermanas, hijas y madres gallegas eran criticadas cuando rompían la costumbre de guardar luto para poder ejercer la libertad de elegir el color en sus vidas”.

Las fotografías y grabaciones que dan lugar a la **exposición** y al **audiovisual** de este proyecto fueron recogidas entre 2006 y 2018 por distintas aldeas, municipios y ciudades gallegas de las cuatro provincias.

La actividad terminará con el **visionado del audiovisual** que da título a la charla en el que se recogen los testimonios de las mujeres.

EXPOSICIÓN Y VISITAS GUIADAS:

La **exposición se puede visitar en el Centro Ágora** (Lugar Gramela, 17- 15010 A Coruña) del 28 de febrero al 17 de abril y está organizada por el Concello de A Coruña a través do Servizo Municipal de Bibliotecas. Desde el Centro UNED de A Coruña están programadas **dos visitas guiadas**, organizadas en colaboración con el **Centro Ágora de A Coruña**. Durante estas visitas, la autora explicará *in situ* el significado e historia que hay tras cada imagen.

Las visitas se celebrarán los días **20 de marzo** a las 12h y el **03 de abril** a las 18h. Hay **20 plazas disponibles para cada una de ellas**, destinadas principalmente al alumnado del Centro, profesorado y PAS. Es necesaria la **inscripción previa** para poder asistir.

Rita Más Ybáñez es poeta, escritora, directora creativa de Papuxa comunicación, **estudiante de Antropología social y cultural en la UNED**. También colabora como redactora de prensa, locutora de radio, en la producción de televisión y como directora creativa en agencias de publicidad. Hace recitales poéticos, imparte cursos y charlas sobre guion, diseño editorial y otras disciplinas en centros educativos y culturales de diferentes ciudades. Tiene formación en Antropología visual (Círculo de Bellas Artes, Madrid) y ha recibido, entre otros el Premio Vídeo Poema Mirando ao mar (Concello de Carballo. Xunta de Galicia. Consellería de Pesca); Premio Foto Poema e Mural (Carballo, 2016); Premio nacional de poesía Jaime Gil de Biedma (La Nava, Segovia). Recientemente también ganó el premio de la Concellería de Igualdade de Vigo con motivo do 8 de marzo y sus carteles inundaron a ciudad.

Todas estas actividades, además, forman parte de las actividades formativas complementarias de la **Programación especial** con motivo del **[8 de marzo, Día Internacional de la Mujer](#)** en el Centro UNED A Coruña. Puedes **descargar el folleto** informativo **[aquí](#)**.

INFORMACIÓN Y MATRÍCULA EN LAS DISTINTAS ACTIVIDADES:

- Puedes inscribirte en la conferencia [aquí](#).
- Si quieres inscribirte en la visita guiada del día 20 de marzo a las 12h puedes hacerlo [aquí](#)
- Si quieres inscribirte en la visita guiada del día 03 de marzo a las 18h puedes hacerlo [aquí](#).
- Puedes **descargar la octavilla** informativa sobre la charla [aquí](#).
- Además, puedes consultar la **información del proyecto**, así como las **fotografías y audios** que dan lugar a la exposición y el audiovisual [aquí](#).

Más información en la Secretaría del Centro UNED de A Coruña (c/ Educación, 3- 15011 A Coruña) en el teléfono: 981 14 50 51 o en el correo electrónico: info@a-coruna.uned.es



Centro Universitario-UNED A Coruña

Educación, 3, 15011

Teléfono: 981 14 50 51

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 13 de marzo de 2019

"A Saia Raiña" Mujeres enlutadas en el siglo XXI: conferencia y visitas guiadas desde la UNED A Coruña

Mañá xoves 14 de marzo terá lugar a conferencia e visionado do audiovisual, de acceso gratuito e aberto á poboación en xeral e que se pode seguir tamén en streaming directo; as visitas guiadas comezarán a partir da vindeira semana

O Centro UNED da Coruña está a organizar diferentes actividades ao redor do proxecto "A Saia Raiña", realizado por Rita Más Ybáñez e que se celebrarán ao longo das próximas semanas. A primeira delas será a charla "[A Saia Raiña: Mulleres enloitadas no século XXI](#)", de carácter cultural e de acceso gratuito, comezará ás 19:00h no salón de actos da sede da UNED da Coruña; aínda que tamén se pode seguir online, a través de streaming directo.

A conferencia baséase no traballo de investigación que Rita Más Ybáñez realizou sobre as mulleres que visten de loito na Galicia actual. Deste proxecto, xurdiron, como resultado, unha exposición itinerante e un audiovisual, que tamén se poderán visualizar a través das actividades organizadas pola UNED en colaboración co Centro Ágora da Coruña.

CONFERENCIA E AUDIOVISUAL:

"A SAIA RAIÑA" é unha exposición de testemuños, non é unha exposición fotográfica, nin unha exposición de videocreación. Así define a autora o traballo que presentará nesta conferencia, na que explicará as motivacións que lle levaron a realizar este proxecto e o longo camiño transcorrido ata que se materializou nunha exitosa exposición itinerante. Como ela mesma explica, o seu labor foi a de escoitar e mostrar; dar voz a quen non fose escoitada e mantivo un costume que, polo menos, desvela de novo unha desigualdade existente entre homes e mulleres, tanto no acceso á cultura, ás festas e participacións sociais, como no status persoal e mesmo no dereito de manifestar os seus sentimentos.

Datos de contacto: Comunicación Centro UNED A Coruña

. ✉ comunicacion@ja-coruna.uned.es ☎ 981 145051

Durante a conferencia, a autora falará das súas informantes: mulleres para as que o loito ten un significado especial, formando parte da súa identidade, da súa cotidianidade, pero tamén das súas resistencias. Pois, como di, a autora “a dor axuda a superar a gran ausencia dos seres queridos, pero non é fácil entender como as avoas, tías, irmás, fillas e nais galegas eran criticadas cando rompían o costume de gardar loito para poder exercer a liberdade de elixir a cor nas súas vidas”.

As fotografías e gravacións que dan lugar á **exposición** e ao **audiovisual** deste proxecto foron recollidas entre 2006 e 2018 por distintas aldeas, municipios e cidades galegas das catro provincias.

A actividade terminará co **visionado do audiovisual** que dá título á charla no que se recollen os testemuños das mulleres.

EXPOSICIÓN E VISITAS GUIADAS:

A **exposición** pódese visitar no **Centro Ágora** (Lugar Gramela, 17- 15010 A Coruña) do 28 de febreiro ao 17 de abril e está organizada polo Concello da Coruña a través do Servizo Municipal de Bibliotecas. Desde o Centro UNED da Coruña están programadas **dúas visitas guiadas**, organizadas en colaboración co **Centro Ágora da Coruña**. Durante estas visitas, a autora explicará *in situ* o significado e historia que hai tras cada imaxe.

As visitas celebraranse os días **20 de marzo** ás 12h e o **03 de abril** ás 18h. Hai **20 prazas dispoñibles para cada unha delas**, destinadas principalmente ao alumnado do Centro, profesorado e PAS. É necesaria a **inscrición previa** para poder asistir.

Rita Más Ybáñez é poeta, escritora, directora creativa de Papuxa comunicación, **estudante de Antropoloxía social e cultural na UNED**. Tamén colabora como redactora de prensa, locutora de radio, na produción de televisión e como directora creativa en axencias de publicidade. Fai recitais poéticos, imparte cursos e charlas sobre guión, deseño editorial e outras disciplinas en centros educativos e culturais de diferentes cidades. Ten formación en Antropoloxía visual (Círculo de Belas Artes, Madrid) e recibiu, entre outros o Premio Vídeo Poema Mirando ao mar (Concello de Carballo. Xunta de Galicia. Consellería de Pesca); Premio Foto Poema e Mural (Carballo, 2016); Premio nacional de poesía Jaime Gil de Biedma (La Nava, Segovia). Recentemente tamén gañou o premio da Concellería de Igualdade de Vigo con motivo do 8 de marzo e os seus carteis asolagaron a cidade.

Todas estas actividades, ademais, forman parte das actividades formativas complementarias da **Programación especial** con motivo do **8 de marzo, Día Internacional da Muller** no Centro UNED A Coruña. Podes **descargar o folleto** informativo [aquí](#).

INFORMACIÓN E MATRÍCULA NAS DISTINTAS ACTIVIDADES:

- Podes inscribirte na conferencia [aquí](#).
- Se queres inscribirte na visita guiada do día 20 de marzo ás 12h podes facelo [aquí](#)
- Se queres inscribirte na visita guiada do día 03 de marzo ás 18h podes facelo [aquí](#).
- Podes descargar o panfleto informativo sobre a charla [aquí](#).
- Ademais, podes consultar a información do proxecto, así como as fotografías e audios que dan lugar á exposición e o audiovisual [aquí](#).

Máis información na Secretaría do Centro UNED da Coruña (rúa Educación, 3- 15011 A Coruña) no teléfono: 981 14 50 51 ou no correo electrónico: info@a-coruna.uned.es